

## ***Barlia robertiana* (Loisel.) Greuter (Orchidaceae) en Galicia**

X. GARCÍA ROMAY <sup>1</sup> & A. PARADA<sup>2</sup>

<sup>1</sup> C/ Castrón Douro 14, 2ºH. 15703-Santiago de Compostela. e-mail [info@naturezadixital.com](mailto:info@naturezadixital.com)

<sup>2</sup>Rúa Sagres, 26. Aguiño. 15965 Ribeira (A Coruña)

(Recibido, septiembre de 2011. Aceptado, octubre de 2011)

Segundo as últimas revisións realizadas sobre as orquídeas galegas non se atopan rexistros de esta especie en Galicia, aínda que se teñen dúbidas sobre a súa presenza na provincia de Lugo (CORTIZO & SAHUQUILLO, 1998; AEDO, 2005; PIMENTEL *et al.*, 2005; ROMERO, 2008), xa que foi citada por MERINO (1909) entre Doncos e Pedrafito do Cebreiro como *Orchis longibracteata* Biv. Dado que o prego de referencia non se conserva

na actualidade, e mentras non sexa confirmada a súa presenza nos afloramentos calíos do leste de Galicia, consideramos ésta a primeira referencia en firme para o territorio galego respaldada por un prego de herbario, (SANT 62932, Universidade de Santiago), no que soamente se incluíron flores e unha folla para non perxudicar o único individuo atopado.



Fig. 1. Exemplar de *Barlia robertiana* encontrado en Aguiño (Ribeira, A Coruña).

***Barlia robertiana*** (Loisel.) Greuter

A **Coruña**: Ribeira, Aguiño, Graña. N 42°32.292' - W 009°02.245'. 30-01-2011. X. García Romai & A. Parada. (SANT 62932). (Fig. 1).

A planta atopouse o 26 de xaneiro, no interior do Parque Natural de Corrubedo, nunha zona de duna gris sen sinais de ser modificada polo home, a 50 m da liña de marea, tras un camiño de terra que comeza nunha granxa de produción de rodaballo, bordea o litoral e remata na sinalización e valado do Parque Natural. A floración debiu començar antes do día 20 de xaneiro e durou perto de 20 días ata que un temporal fixo que as ondas a partisen, permanecendo no lugar os tubérculos, a zona inferior do talo e as follas basais. A vexetación que rodea á planta está constituída na súa maior parte por un pasto aerohalófilo, habendo tamén un bo aporte de *Oxalis pes-caprae* L. (dominantes). Obsérvanse nos arredores outras plantas típicas desta zona do litoral costeiro como: *Pancreatium maritimum* L., *Armeria maritima* Willd., *Armeria pubigera* (Desf.) Boiss., *Romulea clusiana* (Lange) Nyman, *Anthyllis vulneraria* L., *Scrophularia frutescens* L. e *Asparagus aphyllus* L.

**AGRADECIMENTOS**

A J. Amigo e E. Sauquillo, polo seu interese e colaboración para mellora-la redacción do artigo.

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- AEDO, C. (2005). *Barlia* Parl. In: Castroviejo, S. et al. (Eds.), *Flora Iberica*, **21**: 151-153. C.S.I.C., Madrid.
- CORTIZO, C. & SAHUQUILLO, E. (1998). La familia Orchidaceae en Galicia (N.O. Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, **9**: 125-158.
- MERINO, B. (1909). *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*, III. Tipografía Galaica, Santiago de Compostela.
- PIMENTEL, M., SAHUQUILLO, E., ROMERO, D., PERILLE, M. & CORTIZO, C. (2005). Nuevos datos corolóxicos para la Familia Orchidaceae en Galicia (N.O. Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, **14**: 95-99.
- ROMERO BUJÁN, M.I. (2008). *Catálogo da flora de Galicia*. Monografías do IBADER **1**. Universidade de Santiago de Compostela, Lugo.